

XORNADAS
PROFESIONAIS

ES
20
25
SC
GA
NA
LE
GA



Deputación
Pontevedra



Escena Galega

Accesibilidade e inclusión nas artes escénicas: construíndo experiencias accesibles desde o primeiro clic ata a butaca

As Xornadas Profesionais Escena Galega son, desde hai máis de 15 anos, o único foro estable de reflexión e debate do sector das artes escénicas profesionais galegas. Este 2025 organizaas por primeira vez a Deputación de Pontevedra e tratarán unha nova liña estratéxica de traballo da Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, entidade que abrangue na actualidade 61 compañías produtoras de teatro, danza, novo circo e ilusionismo.

A comezos deste ano a asociación crea o Grupo de Traballo de Accesibilidade e Inclusión, coa finalidade de servir como espazo de asesoramento a compañías e outros axentes do sector escénico profesional para implantar medidas efectivas de accesibilidade e inclusión.

Unha das liñas de traballo deste grupo é a formación desde diferentes enfoques. Por unha banda, de tipo xeral, para coñecer aspectos como a lexislación que nos afecta, a diversidade de colectivos de persoas implicadas e as medidas que debemos tomar como creadoras e creadores. Por outra, cun enfoque máis concreto, traballando casos específicos para facer efectiva a accesibilidade e a inclusión nas artes escénicas profesionais.

Con esta xornada damos un paso máis para comprender como é a realidade das persoas con discapacidade, centrándonos, co obxectivo de que a cita teña tamén un enfoque práctico e efectivo, no colectivo de persoas con discapacidade visual e baixa visión, algo que nos permitirá dotarnos das ferramentas necesarias para non discriminar esta importante porcentaxe de público.

Facer os nosos proxectos culturais e escénicos accesibles a todas as persoas, por riba das súas capacidades e discapacidades, e abrir ao mesmo tempo a participación na actividade cultural e escénica tamén a todas as persoas, sen excepción, é un obxectivo común que nos debe unir como sector e Administración.

SESIÓN DE MAÑÁ: RELATORIOS, EXPERIENCIAS E PRESENTACIÓNS

De 10:30 a 11:30 h

Relatorio “Accesibilidade e inclusión: visibilizar, sensibilizar, formar e compartir” e presentación do Grupo de Traballo de Accesibilidade e Inclusión de Escena Galega, guía práctica e banco de recursos.

A primeira actividade da xornada servirá para facer un repaso por algo do traballo que se fixo nos últimos meses no eido da accesibilidade e da inclusión nas artes escénicas, coa xornada de achegamento coorganizada o pasado mércores 30 de abril entre Escena Galega e a Xunta de Galicia por medio da Agadic e a creación do grupo de traballo específico na asociación.

Presentan:

MIGUEL VALVERDE

XESTOR CULTURAL E RELATOR DA XORNADA

Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, formou parte do primeiro equipo do Observatorio da Cultura Galega entre 2003 e 2008. Desde 2008 crea e coordina contidos e actividades culturais para a Fundación Carlos Casares, e nos últimos anos vén desenvolvendo labores de mediación, relatoría e informes en diversos proxectos para o Consello da Cultura Galega, a Xunta de Galicia e Agadic, coma o Plan integral de danza, o *hub* audiovisual ou a Estratexia da cultura galega 2021, entre outros.



Entre 2020 e 2023 participou no proxecto “Erasmus+ KA204 ‘ALLURE’” (Alfabetización liberadora: accesibilidade universal en recursos culturais para a educación permanente), cuxos obxectivos son, entre outros, a cultura inclusiva e accesible para as persoas e o desenvolvemento de ferramentas de participación cultural para grupos sociais en risco de exclusión.

10:30 H



PATRICIA DE LORENZO

**PRESIDENTA DE ESCENA GALEGA E MEMBRO DO
GRUPO DE TRABALLO**

Integrante de Chévere desde o ano 1994, participou en numerosos espectáculos como *Testosterona*, *Citizen*, *As Fillas Bravas*, *Curva España* ou *N.E.V.E.R.M.O.R.E.* Foi solista do coro A Rá, da Banda da Nasa e A Tirana, e compoñente do quinteto vocal Tristáns. Traballou en series de televisión e cine, con directores coma Jorge Coira, Alfonso Zarauza, Hannes Stöhr, Quique Otero ou Ricardo Franco.

Forma parte do núcleo do grupo Chévere xunto con Xesús Ron e Miguel de Lira, onde tamén desenvolve tarefas de produción e xestión.

Desde marzo de 2023 é presidenta de Escena Galega.

De 11:30 a 13:00 h

Mesa de experiencias con compañías de artes escénicas que traballan en accesibilidade e inclusión

Nesta mesa de experiencias convidamos a tres compañías de artes escénicas de Galicia, Madrid e Andalucía con tres proxectos e liñas de traballo moi diversos no eido da accesibilidade e da inclusión. Con estes exemplos queremos, desde un enfoque práctico e directo, coñecer distintas realidades e perspectivas sobre como desenvolver proxectos escénicos accesibles e inclusivos tanto no teatro coma na danza e nas artes do movemento.

11:30 H

Participan:**DAVID OJEDA****DIRECTOR DE PALMYRA TEATRO (MADRID)**

Director da compañía Palmyra Teatro. Xefe do Departamento de Dirección Escénica e coordinador de Inclusión e Accesibilidade na RESAD (Real Escola Superior de Arte Dramática de Madrid). Académico das Artes Escénicas nas especialidades de Dirección Escénica e Investigación. Socio de ADE (Asociación de Directores e Directoras de Escena de España), ASEPAU (Asociación Española de Profesionais da Accesibilidade Universal). Vogal de inclusión e accesibilidade en ARTEMAD. Membro do Grupo de Investigación REDIARTXXI da Universidade Carlos III e a Universidade de Passau na Alemaña. Profesor nos mestrados de Xestión Cultural da Universidade Complutense e de Investigación Baseada nas Artes da Universidade de Granada. Doutor en Artes Escénicas pola Universidade de Alcalá coa tese *Artes escénicas y discapacidad en 2005*, pioneira en España.

Montou obras de Fernando Arrabal, José Ramón Fernández, Marco Antonio de la Parra, Diana I. Luque, Félix Etaire ou Benito Escobar, entre outros, e na actualidade prepara futuras montaxes con textos de Fernando Arrabal, Félix Etaire, Celia Morán e Juan Carlos Mestre. En xira, *Mariana*, de José Ramón Fernández. É experto en inclusión e accesibilidade e co proxecto de Palmyra Teatro realiza deseño e función accesibles para a Compañía Nacional de Danza, MICPRODUCCIONES, Cía. Nueveuno, Cía. Teatro sobre Ruedas, Cía. Caí e Indubio Teatro. É provedor de Madrid Destino en campañas como Veranos de la Villa, Nadal e para os teatros Fernán Gómez, Conde Duque e Circo Price. Imparte docencia en inclusión e accesibilidade en España, Chile, Nicaragua, Paraguai, O Salvador, Guatemala, Honduras, Exipto e Italia. Prepara e dirixe a edición dun futuro libro para a Academia das Artes Escénicas no que se abordará o medio século de proceso en atención á inclusión e á accesibilidade en España. Foi validador da Guía de boas prácticas en accesibilidade do proxecto "ON STAGE" da Fundación Psicoballet Maite León en colaboración con la Fundación ONCE.

11:30 H

PALMYRA TEATRO

Información da compañía:

Palmyra Teatro é unha compañía que aborda a inclusión e a accesibilidade en todos os seus espectáculos. Estreou *Mi piedra Rosetta* e *Mariana* de José Ramón Fernández, actualmente en xira; *Lucrecia* y *Judith* de Marco Antonio de la Parra; *De lo fingido verdadero*, versión de Félix Estaire a partir de *Lo fingido verdadero* de Lope de Vega.

Estivo en xira por teatros coma Romea de Murcia, Principal de Zamora, Cervantes de Málaga, Municipal de Burgos, Auditorio de Ourense, Centro Cultural Fernán Gómez, Corral de Comedias de Alcalá de Henares, Centro Cultural María Atienza en Málaga, Sala Cuarta Pared ou Teatro Alhambra de Sevilla, entre outros.

Como proxecto mantén a atención accesible ás seguintes compañías: Nacional de Danza, MICPRODUCCIONES, Nueveuno, Teatro sobre Ruedas, Caí, Indubio Teatro, Teatro Circo Price e outros. Todos os proxectos e as funcións son inclusivas e manteñen a accesibilidade en todas as súas representacións. É socia de ARTEMAD e ASEPAU. Forma parte da web La Expandida, de compañías madrileñas, que intenta ofrecer proxectos inclusivos en artes escénicas e con atención á accesibilidade.



FRAN REI

SOCIO DA COMPAÑÍA, ACTOR E DIRECTOR DE CULTURACTIVA (GALICIA)

Actor profesional desde o 2001, tamén é autor de guións e director teatral. Participou en espectáculos de compañías coma Os Sete Magníficos máis Un, Producións Desaqueloutradas; Acontrabutaca Producións; Artefeito, Pallasos en Rebeldía ou Culturactiva Producións, ademais das súas producións en solitario. Como director, acumula diversos proxectos con Dani García, Píscore, Isabel Risco ou Mago Teto.

Asemade, nos últimos anos vén desenvolvendo un traballo constante de integración social a través do teatro con colectivos de persoas con discapacidade, como CON ELES (Vilagarcía de Arousa), Andaina PSM (Dodro) ou AVANTE (Val do Dubra), cos que realiza obradoiros de artes escénicas e montaxes teatrais. Neste eido, destaca a obra (*Algunhas*) *Cousas de CASTELAO*, de Artefeito Producións e AVANTE, ou a produción e dirección compartida de Nada se sabe, do Centro Dramático Galego en coprodución con Culturactiva Producións.

CULTURACTIVA

Información da compañía:

Culturactiva é unha constelación de cooperativas que traballan na xestión cultural integradas por un grupo de profesionais que cren na cultura como motor de cambio social. Levamos 25 anos traballando nos eidos do teatro, música, circo, produción escénica e musical, distribución, xestión integral de proxectos e organización de festivais, procurando sempre achegar propostas de calidade e solucións reais á programación cultural de entidades e institucións. Construimos, día a día, unha cultura activa, que avance cara á sociedade que queremos, desde unha Galicia orgullosa das súas raíces que ocupe o seu lugar como creadora de arte e expresións culturais.

Froito do noso traballo nas últimas dúas décadas, somos un referente no teatro cómico e de rúa, na música e na creación e produción de proxectos culturais transformadores, tanto a nivel nacional coma estatal. Temos un forte compromiso co país e apostamos por propostas que poñen en valor a nosa lingua, ademais da igualdade, a inclusión, os valores sociais e educativos e a solidariedade internacional. En 2005 constituímos Pallasos en Rebeldía, un colectivo artístico que promove a risa como ferramenta para mudar o mundo.



11:30 H

PAQUI ROMERO

DOCENTE, COREÓGRAFA E MEMBRO DA COMPAÑÍA DANZA MOBILE (ANDALUCÍA)

Actriz e educadora, dedicouse á exploración do movemento no mundo da danza e do teatro desde a súa adolescencia. Así pois, entre 2009 e 2017 condensa unha formación diversa e intensa na cal profunda na interpretación e composición escénica, participando en diversos obradoiros e laboratorios xunto a profesionais recoñecidos coma Leo Bassi, Tania Kane ou as compañías Atalaya, Odin Theatre etc.

Aínda que a súa traxectoria profesional está vinculada principalmente ao teatro físico e á danza contemporánea, desenvolve o seu traballo para moi diferentes proxectos artísticos (danza-teatro, circo, monicreques, *performance...*) e compañías. En 2016 dirixe o seu primeiro espectáculo de creación propia titulado *Suicidas*, ao cal se sumarían outros en anos posteriores. Actualmente, e desde fai xa 15 anos, é docente en Danza Mobile tanto no centro de creación coma na escola, onde tamén exerce a coordinación. Así pois, compaxina estes labores coa creación e participación en novos proxectos escénicos e educativos de diversa índole.



DANZA MOBILE

Información da compañía:

Diversidade. Arte. Participación social. Inserción laboral. Estas son algunhas das pezas fundamentais dun quebracabezas que Danza Mobile se propuxo armar en 1995, a través dun proxecto co que crear un espazo no que se unisen o mundo das artes e o da discapacidade. Un traballo común entre profesionais de ambos os sectores co que contribuír ao proceso creativo, social e persoal das persoas con discapacidade.

O camiño non foi fácil e, a pesar das dificultades, en 1996 púxose en marcha o primeiro dunha longa lista de proxectos: a escola de danza. Despois viría o centro de creación, a compañía de danza, os festivais, as colaboracións con institucións e profesionais de diversos ámbitos e un longo etcétera. Así, Danza Mobile converteuse nestes anos nun proxecto integral e transversal no que se trazaron varias liñas de traballo: participación social, formación, creación artística e xestión cultural. Misión: traballar para o desenvolvemento integral das persoas con discapacidade a través das distintas vertentes da arte e consolidar as pontes entre o mundo da discapacidade e da cultura.



Moderadora:

NOELIA CASTRO

VICEPRESIDENTA DE ESCENA GALEGA

13:30 H

De 13:00 a 13:30 h PAUSA PARA O CAFÉ

De 13:30 a 15:00 h

Presentación sobre comunicación accesible “Desde o primeiro clic ata a butaca: accesibilidade visual nas artes escénicas”

Imparten:

PABLO VILARIÑO OTERO
INSTRUTOR DE TIFLOTECNOLOXÍA E
BRAILLE DA ONCE

Enxeñeiro técnico en informática de xestión. Especialista na instalación, configuración e instrución de dispositivos tiflotécnicos, así como no asesoramento e orientación no desenvolvemento de páxinas web e aplicacións accesibles.



JULIA FERNÁNDEZ-NIETO
TÉCNICA DE REHABILITACIÓN DA ONCE

Mestra de Educación Especial. Intérprete de lingua de signos, mediadora comunicativa e guía-intérprete de persoas con xordocegueira. Especialista en técnicas específicas para favorecer a autonomía persoal das persoas con discapacidade visual e xordocegueira.



ONCE

A área de Autonomía Persoal dos Servizos Sociais da ONCE ten como obxectivo dotar as persoas con discapacidade visual das técnicas, estratexias e recursos que lles permitan realizar actividades cotiás e participar activamente en calquera ámbito (educativo, laboral, cultural, de lecer...) para lograr unha integración social normalizada.

O uso das tecnoloxías da información e das comunicacións xerou un cambio substancial na forma en que as persoas con discapacidade visual producen, xestionan e acceden á información. A ONCE asumiu o compromiso de garantirlles a aprendizaxe do braille aos membros que o requiran, e tamén o seu acceso, formación e xestión de tecnoloxías da información adaptadas para persoas con cegueira e discapacidade visual coñecidas como tiflotecnoloxía.

Información da actividade:

Introdución á discapacidade visual e aos recursos dispoñibles para acceder á información e aos espazos culturais



Programa de contidos:

- Discapacidade visual
- Repercusións funcionais da discapacidade visual
- Accesibilidade ao contido e accesibilidade ao espazo
- Tiflotecnoloxía
- Recursos para acceder á información
- Accesibilidade web
- Estratexias de comunicación con persoas con discapacidade visual

De 15:00 a 16:30 h

XANTAR COMPARTIDO DE PÉ

16:30 H

SESIÓN DE TARDE: OBRADOIROS PRÁCTICOS

De 16:30 a 17:30 h

Un Paseo Táctil polo Teatro, obradoiro de deseño dun paseo para persoas con discapacidade visual

JULIA FERNÁNDEZ-NIETO
TÉCNICA DE REHABILITACIÓN DA ONCE

Mestra de Educación Especial. Intérprete de lingua de signos, mediadora comunicativa e guía-intérprete de persoas con xordocegueira. Especialista en técnicas específicas para favorecer a autonomía persoal das persoas con discapacidade visual e xordocegueira.

Información da actividade:

Actividade onde establecer o deseño e a posta en práctica dun percorrido accesible para que persoas con discapacidade visual poidan obter de xeito anticipado información relacionada coa peza escénica que van presenciar

Programa de contidos:

Técnica guía para os desprazamentos con persoas con mobilidade reducida.

Busca e localización de elementos no espazo.

Medidas de seguridade a ter en conta na preparación dun paseo táctil.

De 17:30 a 19:30 h

**Obradoiro sobre deseño e implementación de
audiodescripción co programa QLAB**

BORJA FERNÁNDEZ

ACTOR, CREADOR ESCÉNICO E TÉCNICO ESPECIALISTA

Dedicado ás artes escénicas desde hai 25 anos, realiza tarefas de todo tipo: interpretación, dirección, creación, produción, técnica... Nos últimos tempos investiga as posibilidades das ferramentas que facilitan a accesibilidade nas artes escénicas, como a audiodescripción (AD). Entre outras cousas, actualmente é técnico de AD e subtitulado de lingua de signos do espectáculo *Helen Keller, a muller marabilla?*, do grupo Chévere.



17:30 H

Información da actividade:

Actividade onde establecer o deseño e a posta en práctica dun percorrido Coñecementos previos e recursos necesarios para o alumnado: dirixido a calquera persoa do ámbito escénico (dirección, técnica, dramaturxia...) interesada na inclusión e accesibilidade nas artes escénicas actuais. É necesario un lapis óptico e un ordenador con algún programa de audio (preferiblemente Qlab, pero serve calquera outro co que se poida disparar audio).

Non se precisan coñecementos previos.

Obradoiro:

Partindo das características básicas que toda AD debería ter, faranse exercicios prácticos nos que se tratarán aspectos como a escritura, gravación, edición e programación dunha AD.

Programa de contidos:

- Audiodescripción como dispositivo de apoio. Características, exemplos e posibilidades.
- Fases da creación dunha AD: escritura, gravación, programación e uso en directo.
- Exercicios prácticos en grupos: creación dunha AD.

